


**BRAIS IRIARTE** é actor, músico multinstrumentista e cantante formado en Galicia e Portugal. Traballou en diversos proxectos teatrais como Hibris, A lingua na Boca, A lingua de Contrabando ou Soutomaior. Colaborou con proxectos musicais como Stay Cool, E-Jazz Band ou Dr. Ruído, e como baixista e vocalista no programa da Televisión de Galicia *Heicho cantar queridiña*. Na actualidade continúa a súa formación na ESAD de Galicia na especialidade de interpretación xestual.

**FRAN NÚÑEZ** é actor e director Titulado Superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, Mestrado en Ciencias do Espectáculo pola Universidade do País Vasco e completou a súa formación na República Checa, Austria, Croacia, Arxentina e Italia. Ten traballado en diversas compañías en España, Francia, Italia, Brasil e Portugal entre as que destacan: The Ship of Fools, Teatro de la Zarzuela, Orquesta Sinfónica de Galicia, Centro Dramático Galego, Matarile, Goliardos ou Teatro Español de Madrid.




## OBRA TEATRAL

Dentro da produción literaria de María Victoria Moreno destaca *Anagnórise*, seleccionada para a lista de honra da IBBY en 1990 e da que se venderon milleiros de exemplares dende a súa publicación.

Pensada coma unha *road movie*, conta a historia de Nicolau, un mozo dunha vila das Rías Baixas que decide fuxir a Madrid facendo autostop. A muller que o recollerá, Xulia Andrade, terá máis que ver con el do que nunca podería imaxinar.

O espectáculo preséntase no *desguace* onde chegou o coche de Xulia despois do fatal accidente que desencadea a *Anagnórise*. Dous operarios comezan a desmontaxe do coche e cada peza remitirá a un momento da historia: desde a parada a tomar pulpo ata o derradeiro café en Madrid. Con música en directo, *mapping* audiovisual e paisaxes sonoras, a escena irá avanzando nunha viaxe imaxinaria entre Galicia e Madrid, nunha viaxe imaxinaria que construirá pontes entre Xulia e Nicolau... Momentos da viaxe e momentos pasados e memorias de Xulia e Nicolau que se van tecendo co presente dos responsables de analizar o coche. En cada peza producirase unha anagnórise, un recoñecemento que permita o xogo escénico e a transmisión dos valores contidos nesta gran obra.

Unha producción  
da Editorial Galaxia  
e Limiar Teatro



@galaxiainfantil

www.editorialgalaxia.gal

@falamos.delibros

@EdGalaxia

Depósito legal: VG 803-2017

**limiar**





**María Victoria Moreno** (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 - Pontevedra, 2005), chegou a Galicia en 1963 tras conseguir unha praza de profesora nun instituto de Pontevedra. A súa identificación co noso país foi tan intensa que de seguida aprendeu galego e converteuno na súa lingua, tamén de creación. Boa parte da súa obra son contos e novelas dedicadas ao público infantil e xuvenil, eido onde destacou especialmente grazas a títulos como *A festa no faiado* (1983), *Leonardo e os fontaneiros* (1986) ou *¿E haberá tirón de orellas?* (1997). A súa novela para o público xuvenil *Anagnórise* (1988) obtivo un grande éxito entre os lectores, e figura na lista de honra do IBBY de 1990. Con *Guedellas de seda e liño* (1999) recibiu unha mención especial White Ravens no 2002. A súa preocupación pola difusión da lingua entre os máis novos levouna a colaborar na redacción de libros de texto e a dirixir a colección Árbore da Editorial Galaxia dedicada ao libro infantil.

**Anagnórise** é o recoñecemento da traxedia, o encontro cunha verdade oculta que tivemos sempre diante. Unha historia de amor atemporal. Dos amores de xuventude que ninguén esquece, do primeiro amor. Nicolau marcha da casa para atopar un novo camiño que, paradoxo do destino, o levará de volta á casa. Saiu procurar e atopouse.



## FICHA TÉCNICA DA OBRA

Elenco: **Fran Núñez e Brais Iriarte**

Dramaturxia e dirección: **Fran Núñez**

Dirección e composición musical: **Brais Iriarte**

Espazo: **Tzisko Oliva**

Iluminación: **Paco Pacheco**

Duración do espectáculo: **50 minutos**

